



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE E ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL INICIA VIII

Expte: 2024/E001/000020

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025.

Os Concellos de Fene, Ares, Mugar dos e Cabanas asinaron un convenio de colaboración para a realización do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro nacional de garantía xuvenil por ter interese en colaborar, co obxectivo de solicitar unha subvención ao abeiro da Orde citada por considerar o beneficio que supón a realización conxunta do obradoiro de emprego.

Con data 29 de xullo de 2024 mediante Resolución do Director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concédese ao Concello de Fene unha subvención, co núm de Expte **15/0008/2024**, por importe de **438.603,20€**, para financiar os gastos de formación e funcionamento, así como a subvención para os gastos salariais de **16** alumnos/as-traballadores/as participantes para a especialidade (FMEC0108) FABRICACIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBERÍA INDUSTRIAL.

Este programa mixto de emprego e formación ten como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Esta axuda enmárcase dentro da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Obxectivo específico ESO4.1, Medida 5.a.03 cofinanciado nunha porcentaxe do 60%.

A data de inicio para o Obradoiro de Emprego é o día 22 de outubro de 2024 en horario de 7.30 h a 15.30 h cunha duración de doce meses, ata o 21 de outubro de 2025.

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 1177/2024 e 1176/2024 do 11/09/2024, aprobáronse as bases da convocatoria para a selección do persoal do Obradoiro de emprego e do alumnado traballador Inicia VIII respectivamente, as cales foron publicadas no taboleiro de edictos, na páxina web municipal e no BOP núm.181 do 19/09/2024.

Con data 12 de setembro de 2024 o Concello de Fene presenta oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) na oficina de Ferrol-Esteiro co seguinte identificador de oferta: alumnado traballador 12 2024 9282.

O obxecto do proceso selectivo é a selección de 16 alumnos/as traballadores/as para a especialidade de Fabricación e montaxe de tubería industrial (FMEC0108) con un contrato de formación e a selección dunha directora (xornada a tempo completo), un docente de Fabricación e montaxe de tubería industrial (xornada a tempo completo), unha docente de ensino básico (50% da xornada habitual), e unha docente de formación empresarial (50% da xornada habitual).

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 1300/2024, do 07/10/2024 apróbase a lista definitiva de admitidos/as excluídos/as do proceso selectivo para a selección do persoal directivo e docente do OEGX Inicia VIII.

Con data 14/10/2024 o tribunal cualificador acorda a publicación da listaxe definitiva de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



candidatos/as do alumnado traballador propostos para a súa contratación.

Con data 17/10/2024 o tribunal cualificador encargado do proceso selectivo do persoal directivo e docente acorda a publicación da listaxe definitiva do persoal directivo e docente propostos para a súa contratación.

Con datas 15, 16, 17 e 18/10/2024 os/as candidatos/as seleccionados/as aportaron a documentación solicitada na base 6ª das bases da convocatoria.

Tendo en conta o anterior, e visto o informe da Interventora municipal sobre os gastos derivados da contratación de persoal docente e alumnado traballador de data 17/10/2024, esta alcaldía en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Proceder á contratación de M Carmen Yañez Casal como persoal laboral temporal, a xornada completa baixo a modalidade de contrato de traballo para mellora da ocupabilidade e inserción laboral (código 405) como directora do Obradoiro de emprego Inicia VIII dende o 22/10/2024 ata o 21/10/2025 coas seguintes retribucións mensuais: 2.571,33€ (2.204,00€ de soldo mais 367,33€ de p.p. extra).

SEGUNDO.- Proceder á contratación de Ignacio Paz Polo como persoal laboral temporal, a xornada completa baixo a modalidade de contrato de traballo para mellora da ocupabilidade e inserción laboral (código 405) como docente de Fabricación e montaxe de instalacións de tubería industrial (FMEO108) do Obradoiro de emprego Inicia VIII dende o 22/10/2024 ata o 21/10/2025 coas seguintes retribucións mensuais: 2.415,00€ (2.070,00€ de soldo mais 345,00€ de p.p. extra).

TERCEIRO.- Proceder á contratación de M.ª José Vázquez Rodríguez como persoal laboral temporal, a xornada parcial (50% da xornada) baixo a modalidade de contrato de traballo para mellora da ocupabilidade e inserción laboral (código 505) como docente de ensino básico do Obradoiro de emprego Inicia VIII dende o 22/10/2024 ata o 21/10/2025 coas seguintes retribucións mensuais: 1.218,00€ (1.044,00€ de soldo mais 174,00€ de p.p. extra).

CUARTO.- Proceder á contratación de M.ª Isabel Sánchez Martínez como persoal laboral temporal, a xornada parcial (50% da xornada) baixo a modalidade de contrato de traballo para mellora da ocupabilidade e inserción laboral (código 505) como docente de formación empresarial do Obradoiro de emprego Inicia VIII dende o 22/10/2024 ata o 21/10/2025 coas seguintes retribucións mensuais: 1.218,00€ (1.044,00€ de soldo mais 174,00€ de p.p. extra).

QUINTO.- Proceder á contratación das persoas que se relacionan a continuación na especialidade de Fabricación e montaxe de tubería industrial (FMEO108) como alumnado traballador do Obradoiro de emprego Inicia VII dende o 22/10/2024 ata o 21/10/2025 con un contrato de formación (código 421) coas seguintes retribucións mensuais: 1.323,00€ (1.134,00€ de soldo mais 189,00€ de p.p. extra).

APELIDOS E NOME

ANIDO DOPICO HÉCTOR

CHAO MARTÍNEZ ADRIÁN

DE PAZ PENA JOEL

DOMÍNGUEZ VIZOSO ANTÍA

EDROSA MAROÑO HÉCTOR

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ BRAIS

GÓMEZ CASABAYO MELANIE

IGLESIAS REY OSCAR

MARÁN PENA MARTÍN

MARTÍNEZ GÓMEZ JONATAN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



PAINCEIRAS SANMARTÍN ÁNGEL
POSE GONZÁLEZ PEPE
RINCÓN RAMÍREZ MIGUEL ÁNGEL
RIVERA MARTÍNEZ RAÚL
ROCA ROMALDE ANTÓN
ROMERO CASTRO GAEL

SEXTO.-Dar traslado ó departamento de personal co fin de que polo mesmo se realicen os trámites necesarios para a formalización dos contratos e as correspondentes altas na seguridade social.

SETIMO.- Dar traslado da presente resolución á Intervención municipal.

OITAVO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. A tal efecto, poderá interpoñerse RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

NOVENO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

0-0
09E
150
-P
:F
T.C